

Alexandre Cribeiro

Xosé Manuel Salgado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SALGADO, XOSÉ MANUEL (2012 [1995]). “Alexandre Cribeiro”. *Dorna*: 21, 5-7. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/322>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SALGADO, XOSÉ MANUEL (1995). “Alexandre Cribeiro”. *Dorna*: 21, 5-7.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ALEXANDRE CRIBEIRO

"A deles –os que naceran na década dos trinta e dos corenta– era, certamente, unha xeración sen camiños, sen horizonte, sen paz posible, chea de dificultades, de represión de todo tipo, de incerteza. Aquilo marcáraos para sempre, dunha ou doutra maneira"¹.

Quen así matina é un dos personaxes de *A fraga dos paxaros salvaxes*, a magnífica historia de Xosé Fernández Ferreiro, que semella ter escoitado o que o propio Cribeiro deixou escrito nunha ocasión: "Non hai historia máis triste que a dos que nos fomos facendo na posguerra, sen escoitar un tiro; presentindo todo o medo informe de sabelos continuados na paz"².

Foi en efecto aquel tempo da sórdida posguerra, aquela galería de crueis accións na que se desenvolvían as súas vivencias o que o aillou do tempo que lle correspondía á súa idade de mocidade, o que en moitas ocasións lle fixo esquecer-lo que predica a norma horaciana do *carpe diem*, tendo que adxectiva-la desolación e maila escuridade que o cubrían todo e das que se ía converter en prisioneiro. A mísera situación presente, onde o medo enmascaraba a anguria, tinxiu de melancolía o seu sorriso e de amargura a súa palabra:

"As rosas do mencer caladas;
e o loito viaxaba nas paredes
coma carbón usado.
Estaba o amor ferido"³

Por aqueles anos, mentres Ramón Lorenzo daba forma ós escuros e desolados poemas de *O que se foi perdendo*, ían caendo como tristes pingueiras de auga fría os lúgrubos versos de *A noite* de Fernández Ferreiro. Ó lonxe, sentíase o laio angurioso de Bernardino Graña no seu *Poema do home que quixo vivir* e percibíanse os tristes ecos ferrinianos nun crepúsculo ateigado de formigas. Cribeiro, *Acoitelado na espera*, permanecía "sempre á beira / d-aurora que non chega".

¹ Xosé Fernández Ferreiro, *A fraga dos paxaros salvaxes*, Vigo, Xerais, 1985, p. 161.

² Xosé Alexandre Cribeiro, *Indo pra máis perto*, Madrid, Akal, 1979, p. 7.

³ Xosé Alexandre Cribeiro, *Acoitelado na espera*, Madrid, Brais Pinto, 1960, p. 33.

Coma os seus compañeiros de *Brais Pinto*, "emblema dun tempo duro de opresión e de morte"⁴, vinculados todos eles pola filiación ideolóxica común do seu antifascismo, Cribeiro, vítima quizais dun instinto catárquico, sentiu a acuciante necesidade de expresar que as súas vivencias non eran un pesadelo, verificando que aquela grande ferida, froito da irracionalidade humana, estaba aínda aberta.

Nos seus versos falaron aquelas marés de homes, marxinados e aillados polos desastres da vida, que camiñaban sen dirección arrastrándose pola miseria en busca de amparo, nun país onde imperaba a corrupción e doía a verdade, nun tempo suspendido no que a esperanza a penas facía acto de presenza. Perante iso,

"¿Chiar? ¿Rachar? ¿Dudar?
Ó final, soio queda
a estúpida pantasía
de querer morrer"⁵

Sobre aquel país que foi despois de 1939 devastado moralmente, a poesía de Cribeiro constitúe unha referencia testemuñal pola precisión das súas palabras, pola súa tensión trágica e por reflectir coma poucas os males daquel inferno.

A súa obra poética semella debaterse por outra banda no peculiar equilibrio existente entre a elegancia da execución, entre a súa brillantez formal e o dramatismo subxacente.

Obra dunha evidente calidade textual e artística, resulta estraño e non pouco sorprendente que en varias antoloxías –palpables manifestacións dunha crítica sectaria e, por conseguinte fraudulenta–, o nome de Cribeiro apareza excluído dos repertorios seleccionados. Sen ditirambos eloxiosos nin hipérbolos laudatorias, cómpre dicir que Cribeiro, silenciado e aborrecido por parte dun arbitrario, malintencionado e miope discurso académico, é un dos grandes poetas galegos do noso século que soubo alcanzar unha visión propia do mundo e transmitila nun sistema expresivo específico, moi persoal.

Educado na escola da posguerra pero tamén na de Baudelaire, Rimbaud, Ezra Pound e na dos mestres galegos de tódolos tempos, afrontou a escrita poética cunha riquísima bagaxe. Coñeceu así mesmo tódolos cantos de serea da efímera e pasaxeira modernidade, pero como

⁴ X. L. Méndez Ferrín, "Sobre Cribeiro", en *Indo pra máis perto*, p. 13.

⁵ Xosé Alexandre Cribeiro, *Acoitelado na espera*, p. 26.

antano sucedera con Ulises, fíxose atar a un mastro e cos oídos ben abertos, non aforrou reproches cara ós xordos e autómatas remeiros. Ó noso entender, esa é a razón de que a súa obra siga gozando do favor das mellores minorías, alleas ós modos e maneiras polos que acostuma a deambular nos nosos días a literatura ó uso.

Implacable e demoledor cos convencionalismos, comprometido cos seus e coa súa nación, foi un intelectual que defendeu por riba de todo a súa independencia de xuízo, o que lle permitiu, quizais sen el decatarse, se-lo voceiro daqueles que carecen de representación, dos condenados da terra, a voz e a palabra dos cales está en clara desvantaxe.

E un bo día, canso xa de camiñar por unha terra que "chía paseniño para finir máis lonxe", dende a Pontevedra de Benito Soto, emprendeu o camiño sen volta cara ó ceo de Breogán, "despois de ter amado ós seus e a Galicia sen acougo".

Xosé M. Salgado
do Consello de Redacción de *Dorna*